



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 21 DE SETEMBRO DE 2018

LICENZAS

PARCELAMENTOS.-

LIC/766/2018.- XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA, XESTUR, S. A.- Conceder licenza de segregación e posterior agrupación en unidade de acto de parcelas situadas no Parque Empresarial da Sionlla – Rúa do País Vasco, 29.

LIC/1861/2017.- AGUSTÍN CASTRO IGLESIAS.- Aceptar a cesión de viario formalizada en Escritura pública, declarar a innecesariedade de licenza para proceder á segregación/división da parte das parcelas por diferente clasificación e posterior parcelamento das parcelas urbanas e conceder licenza para parcelamento das fincas situadas en Camiño dos Vilares nº 143.

2.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos. Apróbase a proposta

3.- Subsanación de erro no contrato de "servizo de auditoría do proxecto europeo Atlántic Social Lab, cofinanciado polo FEDER, no marco do Programa Operativo de Transnacional Europea. 2014-2010". Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á anulación do procedemento "servizo de oficina técnica do proxecto SMARTiago en aplicación do convenio de colaboración entre o Ministerio de Economía e Industria e Competitividade (MEIC) e o Concello de Santiago de Compostela". Acórdase anular o procedemento de adxudicación do contrato, en virtude da resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública de Galicia que estima o recurso presentado por unha empresa contra o prego de cláusulas administrativas da licitación.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza de segregación e posterior agrupación en unidade de acto de parcelas situadas no Parque Empresarial da Sionlla-Rúa do País Vasco, 29. LIC/766/2018. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación de cesión de viario formalizada en escritura pública, declaración da innecesariedade de licenza para proceder á segregación/división da parte das parcelas por diferente clasificación e posterior parcelamento das parcelas urbanas, e concesión de licenza para parcelamento das fincas situadas en Camiño dos Vilares nº 143. LIC/1861/2017. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do Proxecto de urbanización do polígono 40 do PXOM. Apróbase inicialmente o proxecto de urbanización, que será sometido a información pública polo prazo dun mes.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade para dar conta do axuste da solicitude de participación no "Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021". Dase conta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á posta a disposición da Axencia Galega de Infraestruturas- Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de viario municipal para a execución do proxecto denominado "Mellora e integración paisaxística das entradas dos camiños de Santiago". Apróbase a proposta.

10.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración con competencias en contratación, relativa á recepción de "obras de restauración e mellora do itinerario fluvial "De ponte a ponte polo río Sarela". Apróbase a proposta.

11.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración con competencias en contratación, relativa á recepción de "obras para a execución do proxecto de mellora da pavimentación no viario de acceso a Busto: cruce de Chorente - Neiro (POS+OBRASSUM/2017)". Apróbase a proposta.

12.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración relativa á prórroga do contrato do "Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela". Acórdase prorrogar o contrato polo prazo dun ano, a contar desde o 30 de setembro de 2018, e por un importe de 57.809 euros.

13.- Proposta de alcaldía relativa á apertura do procedemento de adxudicación das "obras de ampliación do patio e dotación do parque infantil no colexio Quiroga Palacios". Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado das obras de ampliación do patio e dotación do parque infantil do colexio Quiroga Palacios, establecéndose un tipo de licitación de 77.227,04 euros, IVE incluído.

14.- Resolución de discrepancia por reparo relativa ao "servizo de execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios municipais, excluído o ámbito do recinto intramuros da cidade histórica- Campaña complementaria 2018". Apróbase a proposta.

15.- Resolución de discrepancia por reparo relativa ao "servizo de execución de diversas operacións de roza, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, carreiros fluviais e parcelas municipais do termo municipal de Santiago de Compostela - Campaña Complementaria 2018". Apróbase a proposta.

16.- Liquidación do programa municipal de conciliación de Nadal 2017. Apróbase a proposta.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á aprobación das bases da convocatoria da 11ª edición dos "PREMIOS EDUCACOMPOSTELA". Apróbase a proposta.

18.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais relativa á autorización previa para a modificación do contido dos proxectos presentados na convocatoria das subvencións de cooperación ao desenvolvemento, ano 2017. Apróbase a proposta.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á aprobación do expediente de "obras para a dotación de equipamentos de ocio en Lavacolla - ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS 2018". Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 74.622,35 euros, IVE incluído.

20.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e a Consellería de Política Social para a cesión a título gratuito dunha parcela, e a construción dun centro de residencia de persoas maiores. Dase conta.

URXENCIAS

1.-Proposta da concelleira delegada de Deportes para dar conta do desenvolvemento da actividade denominada "Festa do Deporte", que se celebrará o venres 28 e o sábado 29 de setembro. Dase conta

2.-Resolución de discrepancia por reparo. Apróbase a proposta.

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

3.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á adxudicación do contrato do Servizo e dotación de infraestrutura, loxística, persoal e sinalética necesarios para o desenvolvemento do evento deportivo denominado “Festa do Deporte”. Acórdase adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa RSENDE IMAXSON, por un importe de 38.145,25 euros, IVE incluído.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativo á aprobación do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas, e o Concello de Santiago para a execución dunha parada de autobús na rúa Clemente Fernández Sarela. Apróbase o convenio, que será asinado no prazo de tres meses.

5.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte, Mercados e Benestar Animal relativa á aceptación da renuncia á titularidade das casetas números NC076 e NC077 da Praza de Abastos, que quedan libres e a disposición do Concello. Apróbase a proposta.

6.-Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á adxudicación dun contrato de préstamo por 3,6 millóns de euros. Acórdase adxudicar o contrato de préstamo con previa apertura de crédito por importe de 3,6 millóns de euros, á entidade BBVA.